



RESUME PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º BACHARELATO

Obxectivos para o Bacharelato:

1. Comezar a exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e avanzar no proceso de adquisición dunha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Avanzar cara a consolidación dunha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma cada vez máis responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Procurar prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, avanzar na análise crítica das desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Avanzar no dominio, tanto na súa expresión oral como na escrita, da lingua galega e da lingua castelá.
6. Lograr para a expresión maior fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Mellorar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer cada vez mellor e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar cada vez máis de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e procurar o dominio das habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Mellorar a comprensión dos elementos e dos procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Avanzar no coñecemento da contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida e e valoralo de forma crítica; así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Avanzar no afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver cada vez máis a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.



CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

En cada avaliación a cualificación obterase a partir dos seguintes criterios:

- As **probas escritas** puntuarán o 80% da nota (8 puntos). Haberá unha proba escrita por avaliación. O exame seguirá o modelo da abau exceptuando a pregunta número 2, de expresión escrita, que será avaliada mediante un traballo.

- Libro de **lectura**: 10% (1 punto). Será avaliado de forma oral e cualificado da seguinte maneira: 0,5 referido á comprensión lectora e interpretación do contido da obra e o outro 0,5 referido á expresión oral atendendo á coherencia, corrección e adecuación comunicativas.

- **Expresión escrita e comentarios de texto**: 10% (1 punto). O alumnado deberá entregar ao longo do trimestre unha redacción correspondente a un texto argumentativo ou expositivo semellante á pregunta 2 do exame da abau; este traballo terá o valor de 0,5 puntos e será cualificado segundo os criterios que se establecen na propia proba da abau. Tamén se realizarán outras actividades de análise e comentario de textos de distinta tipoloxía, polo que poderá obter ata 0,5 puntos. Tamén se terán en conta neste apartado as tarefas que se lle solicitan diariamente tanto na aula como na casa.

- **Oralidade**. Valorarase o uso da lingua galega cun 5% da nota da avaliación (0,5 puntos). Como a lingua vehicular é a galega, nos casos que existan dificultades valorarase o esforzo e o progreso. Non se descarta a posibilidade de exposicións orais que serán cualificadas ata o máximo de 0,5 puntos, que se sumarán á nota final.

A **asistencia ás probas escritas e orais** é obrigatoria. O alumno que non asista entregará ao profesor un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se é unha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

A cualificación das **tarefas escritas** (probos de avaliación, traballos de investigación, traballos de creación, probos de lectura, comentarios de texto, etc.) terá en conta tanto o contido (ata un 80% da



nota) como a expresión (ata un 20%), que deberá ser coherente, ben cohesionada e ortograficamente correcta en consonancia co nivel de que se trate.

O tratamento das **faltas de ortografía** farase do mesmo xeito ca nas probas ABAU e nunca se descontará máis dun 2 na nota final do exame (0,2 por faltas moi graves; 0,1 por faltas graves e 0,05 por faltas leves).

-A nota mínima para aprobar cada avaliación será un CINCO (5).

-A nota mínima de cada avaliación para facer media coas outras avaliacións será CATRO(4).

-As notas medias calcularanse sempre a partir das notas numéricas reais e non das notas redondeadas en boletíns.

RECUPERACIÓN DE MAIO

(Avaliación ordinaria) Non haberá recuperación por exame. Na avaliación ordinaria de maio, o alumnado que teña unha avaliación ou dúas suspensas cunha cualificación de 4 puntos, poderá facer media coas outras avaliacións; se ten menos de 4 puntos, deberá recuperar a avaliación correspondente ou ambas as dúas. Quen teña as tres avaliacións cunha nota inferior a 4 puntos deberá presentarse a un exame final de toda a materia. A recuperación será só das probas escritas e manteranse as cualificacións dos demais apartados, que serán tidas en conta para a nota final.

RECUPERACIÓN DE XUÑO (Avaliación extraordinaria) Consistirá nun único exame global de toda a materia de 2º de Bacharelato, tendo que conseguir un CINCO (5) sobre 10 para obter o aprobado.